
UN CADRO DE VELÁZQUEZ

Texto de CLAIRE D'HARCOURT

Concepto gráfico de LOÏC LE GALL

Tradución de XOSÉ BALLESTEROS

Encadernado en cartonné. 20 x 20 cm. 36 páx. 15 €.

Contén cartel despregable.

Un cadro de Velázquez (galego)

ISBN 978-84-15250-24-1. Factoría K de Libros. Arte.

Un cuadro de Velázquez (castelán)

ISBN 978-84-15250-23-4. Factoría K de Libros. Arte.

As páxinas deste libro invitan os lectores a entrar nun dos cadros máis célebres e misteriosos da historia da Arte, situándoos no estudo de Diego Velázquez, no Palacio Real de Madrid en pleno século XVII. Como pintor de cámara, Velázquez realiza un retrato múltiple dos protagonistas da corte: a infanta Margarita no centro da escena, coas súas meninas María Agustina Sarmiento e Isabel Velasco; os seus acompañantes Mari Bárbola e Nicolás de Pertusato; a súa cuidadora, Dona Marcela de Ulloa, e o apousentador real, José Nieto, en segundos planos; e reflectidos estratexicamente nun espello, os reis Felipe IV e Mariana de Austria.

O propio Velázquez autorretrátase neste gran lenzo de perspectiva aérea e múltiples planos visuais, que destaca polo tratamento da luz e do contraluz, pola mestría aplicando a técnica do sfumato, e pola capacidade para representar o movemento en vivo, como se dunha una fotografía se tratara.

AS MENINAS data de 1656 e atópase no Museo del Prado, en Madrid.



-
- **Temática:** análise do cadro “As Meninas”, de Diego Velázquez.
 - **Idade recomendada:** dende 8 anos.
 - **Aspectos destacables:** inclúe cartel despregable e biografía do pintor; explicación baseada en 12 detalles do lenzo a partir de elementos como a técnica pictórica, o tratamento da luz, os planos visuais, ou o protagonismo dos personaxes; FAKTORÍA K publica tamén o libro titulado “Un cadro de Picasso”, sobre o “Guernica”.
-

Diego Velázquez

(Sevilla, 1599 – Madrid, 1660)

Aos dez anos de idade entrou como aprendiz no taller do mestre Francisco Pacheco e aos vintetrés trasladouse a Madrid, onde o monarca Felipe IV axiña apreciou o seu talento e elixiuno como pintor oficial da corte. Despois da súa segunda viaxe a Italia, en pleno cumio artístico e vital, pintou “As Meninas”. A súa presenza neste cadro, xunto á familia real, amosa o seu desexo de ser considerado como un xentilhome. Gran pintor do Século de Ouro español, é un dos principais retratistas da historia da Arte. Tivo unha influencia considerable sobre numerosos artistas posteriores, como Goya, Courbet, Manet ou Picasso.

